


1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a "COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO DE ARTE RUPESTRE" mediante a creación, difusión e comercialización de paquetes turísticos que inclúan este produto.

En concreto, o o obxecto do traballo será:

- Creación na Mancomunidade dunha oferta conxunta "paquetizable" con todos os recursos de arte rupestre dos concellos da mancomunidade, mediante rutas accesibles.
- Mellora do coñecemento das rutas e recursos, especialmente en portais dixitais turísticos nacionais.



Esta actuación financíase con cargo ao **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVES DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, PONTE CALDELAS, VILABOA, COTOBADE E CAMPO LAMEIRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA COMARCA DE PONTEVEDRA COFINACIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007/2013 TP5.57.5**. Inclúese dentro da financiación desta actuación Fondos Feder.

2. DESCRIPCIÓN DO TRABALLO.

Os traballos a realizar consistirán no desenvolvemento das seguintes actuacións:

- A creación de paquetes turísticos que inclúan información dos parques rupestres así coma a visita aos mesmos.
- A inclusión nos paquetes turísticos de oferta de aloxamento e gastronómica.
- O deseño e impresión de dípticos coa oferta turística deses paquetes (en cantidade non inferior ás 2.000 unidades).
- Unha campaña de difusión en portais especializados en turismo. Esixirase unha campaña completa en, a lo menos, 3 portais de viaxes de ámbito nacional; os acordos económicos aos que se chegue con estes portais correrán por conta da empresa finalmente seleccionada.
- Unha campaña de difusión en redes sociais, especialmente twitter e facebook, pero tamén queremos que aparezan referencias a estes produtos en aplicacións que empreguen fotos coma ferramenta, en concreto Pinterest e Instagram. Deberán publicarse a lo menos 5 referencias diarias ata a finalización do contrato. As fotos deses recursos pasarán a ser propiedade da Mancomunidade Terras de Pontevedra.
- Os paquetes turísticos deberán servir para establecer sinerxías cos principais centros de arte rupestre de España, entre os que se inclúe Atapuerca, Ekainberri (País Vasco) ou Teverga en Asturias, así coma principais centros de arte rupestre de Europa, debendo aparecer os dos seguintes países: Francia, Gran Bretaña, Irlanda e Italia.

3. ENTREGA E PROPIEDAD DOS TRABALLOS:

O adxudicatario entregará á Mancomunidade 1 xogo en soporte dixital e unha copia en papel dos deseños e contidos dos paquetes turísticos, así coma copia dos contratos asinados cos portais de turismo con que se chegasen a acordos.

Igualmente deberán enviar copia e enlaces nos que se incluíran tanto estas ofertas de paquetes turísticos coma da aparición de información en portais de historia, cultura, patrimonio ou similares.

O resultado do obxecto do contrato será propiedade da Mancomunidade.

Pontevedra, 15 de outubro de 2014.


Javier Díaz Arnao (Director Xerente FERIA SICO SL).

Conforme, a concelleira de turismo,
Membro da mancomunidade por delegación
do Presidente da Mancomunidade


Román

Carlota del Carmen Román García.